

# O valor da escala parroquial na análise dos cambios da ocupación territorial na provincia de Pontevedra

*The value of the “parroquia” scale in the analysis of territorial occupation in the province of Pontevedra*

**Alberto José PAZO LABRADOR**

Universidade de Vigo  
apazo@uvigo.es

[Recibido, decembro 2008; aceptado, xaneiro, 2009]

## RESUMO

Neste artigo intentamos pór de manifesto a virtualidade da escala parroquial para a análise territorial, aplicada ó estudo dos cambios e á reorganización da poboación na provincia de Pontevedra

**PALABRAS CHAVE:** Parroquia, densidade de poboación, contrastes xeográficos, pautas de organización da poboación, representación cartográfica

PAZO LABRADOR, A.J., (2009): “O valor da escala parroquial na análise dos cambios da ocupación territorial na provincia de Pontevedra”, *Madrygal (Madr.)*, 12: 79-89.

## RESUMEN

En este artículo intentamos poner de manifesto la virtualidad de la escala parroquial para el análisis territorial, aplicado al estudio de los cambios y la reorganización de la población en la provincia de Pontevedra

**PALABRAS CLAVE:** Parroquia, densidad de población, contrastes geográficos, pautas de organización de la población, representación cartográfica

PAZO LABRADOR, A.J., (2009): “O valor da escala parroquial na análise dos cambios da ocupación territorial na provincia de Pontevedra”, *Madrygal (Madr.)*, 12: 79-89.

## ABSTRACT

In this paper we suggest the virtuality of the “parroquial” scale for the analysis of territory. We have studied the changes and the reorganization of the population in the province of Pontevedra.

**KEY WORDS:** “Parroquia”, density of population, geographic contrasts, spatial organization patterns, cartographic representation

PAZO LABRADOR, A.J., (2009): “The value of the ‘parroquia’ scale in the analysis of territorial occupation in the province of Pontevedra”, *Madrygal (Madr.)*, 12: 79-89.

**SUMARIO:** 1. A parroquia en Galicia e o seu significado como marco de análise territorial. 2. A evolución recente da poboación en Galicia en na provincia de Pontevedra. 3. Os contrastes internos na ocupación espacial da provincia de Pontevedra. 4. A dinámica da poboación na provincia de Pontevedra: a escala municipal e parroquial. 5. Referencias bibliográficas.

## 1. A PARROQUIA EN GALICIA E O SEU SIGNIFICADO COMO MARCO DE ANÁLISE TERRITORIAL

Como temos escrito en diversas ocasións, a parroquia rural en Galicia é un ente territorial e de identificación de territorialidade. A súa configuración secular como un ámbito que funcionou de forma sistémica para satisfacer as necesidades socioeconómicas dunha poboación lastrada pola dispersión e o illamento xeográficos, conferiulle unha personalidade e unha vitalidade cotiás, que non se plasmaron no seu recoñecemento xurídico e administrativo, nin sequera no que fai á definición dos seus límites. Xosé Fariña Jamardo, recentemente falecido, foi un dos autores galegos que máis se ocupou nos seus traballos de investigación en pór de manifesto esta realidade, habitualmente ignorada e non só desde ámbitos urbanos (Fariña Jamardo, X., 1975, 1976, 1981, 1994), e en insistir en como esta entidade conseguiu funcionar frecuentemente como unha unidade autárquica. O resultado das súas análises exhaustivas, sobre todo desde o punto de vista dos avatares do seu nacemento, consolidación e significación ó longo da historia, así o testemuñan.

As “funcións paraxurídicas” (Lisón Tolosana, C., 1974) que de forma lóxica foi asumindo a parroquia, especialmente na súa consideración como distrito censal e electoral, como elemento-base para realizar a concentración parcelaria, unidade de análise territorial nalgúnhas normativas legais como a LASGA, a regulación dos montes comunais, etc., déronlle unha visibilidade que, en certos momentos da historia recente, fixo semellar que se chegaría ó seu pleno recoñecemento xurídico. Non esquezamos que no pasado, a parroquia foi recoñecida de feito e na práctica como unidade organizativa e fiscal, como o demostran os interrogatorios do Catastro de Ensenada ou a división de Floridablanca, por exemplo. Non obstante, a crise que coñece nas últimas décadas, inserta na crise xeral do medio rural galego que se adaptou de forma lenta ós cambios económicos e ós condicionantes que hoxe impón a globalización —que en última instancia non deixa de ser o reflexo dunha inadecuación entre a poboación e os recursos territoriais, ou como se xestionan eses recursos máis ben—, xunto co desenvolvemento, tardío pero rápido, do proceso de urbanización en Galicia, fixeron que a parroquia rural perdesse paulatinamente ese carácter que podemos sintetizar como un nivel de refe-

rencia e de inserción por parte de boa parte da poboación, como xa tivemos ocasión de comprobar e por de manifesto en diversos espazos rexionais (Pazo Labrador, A. J., 2005).

Independentemente desta crise e declive que afecta innegablemente á parroquia rural como realidade viva e vital (Pazo Labrador, A. J. e Santos Solla, X. M., 1994, 1995; Pazo Labrador, A. J., 2000, 2004, 2005; Rodríguez Campos, J., 1994; Precedo Ledo, A. e Gallego Prieto, M., 2001), a súa persistencia temporal e a homoxeneidade xeográfica que constitúen os ámbitos parroquiais, convértenos nun instrumento privilexiado de análise territorial, frecuentemente, e sorprendentemente, ignorado desde diversas instancias, tanto administrativas como académicas. É habitual comprobar, por exemplo, como as informacións demográficas que proliferan nos medios de comunicación galegos con motivo do avance ou a oficialización de datos censais ou padronais —grazas á inmediatez na difusión de fontes demográficas por parte do INE duns anos a hoxe—, as consideracións sobre crecemento da poboación, densidades de ocupación, desertificación demográfica, etc., nunca superan a escala municipal nas análises e o material cartográfico. Pero iso ocorre igualmente no eido académico, a pesar de que xa hai moitos anos que se veñen levando a cabo esforzos notables para ofrecer mapas de Galicia cos límites parroquiais, de maior ou de menor calidade formal, que poñen de manifesto, en calquera caso, esa homoxeneidade territorial da que falabamos. Unha tarefa que indirectamente enfrontaron as institucións en certa medida, como ocorreu coa publicación do “Mapa de Parroquias de Galicia a escala 1/200.000”, elaborado hai uns anos pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, o cal, a pesar dos notorios erros que presenta, confírelle certa validez “oficial”, nunca recoñecida, con todo (Precedo Ledo, A. e Gallego Prieto, M., 2001).

De todas maneiras, cremos que é necesario que se afronte dunha vez, de forma seria e decidida, o deslinde dos límites parroquiais por parte da Administración, e a súa plasmación cartográfica á escala adecuada, tarefa pendente que non nos cansaremos de reivindicar. É evidente que se formularían problemas de toda índole para os máis de 3.700 espazos parroquiais, debido ó carácter eminentemente consuetudinario deses límites, cunha indefinición que foi e segue sendo motivo de disputa interparroquial e intermunicipal, pola adscri-

ción da extensión dos montes de veciños, por exemplo. E esta indubidable dificultade superponse ós problemas que se seguen presentando frecuentemente na delimitación dos fitos e marcos para establecer os lindes de bastantes concellos, que son un trasunto, en última instancia, da indefinición e ausencia de recoñecemento xurídico daquelas.

Pero volvendo ó tema da homoxeneidade dos territorios parroquiais e a súa virtualidade para a análise de variables territoriais, ante a falta de lóxica e a artificialidade innegables de moitos dos espazos municipais en Galicia, neste artigo imos utilizar a escala parroquial para analizar determinados aspectos demográficos relacionados cos trazos da ocupación espacial e a súa evolución na provincia de Pontevedra ó longo dos últimos anos. A análise, ademais de desvelarnos unha visión algo diferente da configuración das áreas de maior dinamismo demográfico e das máis regresivas no conxunto provincial, permitíranos comprobar de forma práctica a utilidade do marco de análise parroquial, facilitado polo labor cada vez máis depurado dos organismos estatísticos á hora de ofrecer cifras actualizadas, con relativa inmediatez temporal.

Grazas ó Nomenclátor e á desagregación dos datos de efectivos de poboación á escala de entidade singular e á parroquial, pódense matizar moito os contrastes na ocupación da poboación, contrastes que quedan con non pouca frecuencia enmascarados nas outras escalas usuais de análise: provincial, comarcal e incluso municipal.

## **2. A EVOLUCIÓN RECENTE DA POBOACIÓN EN GALICIA E NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

Na escala rexional, a evolución recente da poboación é bastante coñecida, e debuxa un panorama para as últimas décadas en Galicia que fala dun retroceso xeral inzado a mediados do século XX, ó que lle sucede un estancamento e lixeira recuperación nos momentos máis recentes. Isto podémolo testemuñar no gráfico correspondente no que se amosa a evolución ó longo dos distintos momentos censais do século XX ata chegar á cifra oficial máis recente, a do 1 de xaneiro de 2008, ofrecida polo INE. Recordemos que estes datos anuais procedentes dos Padróns Municipais, teñen carácter e validez oficial desde 1996, en que se suprimen as anteriores renova-

cións padronais (cada 5 anos, os anos terminados en 1 e en 6), que eran responsabilidade exclusiva dos Concellos —o que propiciaba a existencia de notables paradoxos intercensais— e as cifras de modificacións padronais pasan a ser coordinadas directamente polo INE (Goerlich Gisbert, F. J., 2007). Iso permitiu resolver erros e contribuír á fiabilidade dos datos ofrecidos cun nivel de desagregación profundo, e á súa inmediatez. Polo tanto, os períodos intercensais decenais poden analizarse con máis detalle nas súas matizacións, o que enriquece notablemente a interpretación das súas causas e consecuencias.

Esta lixeirísima recuperación que amosan os últimos recontos —que con todo non impide que Galicia sexa a Comunidade Autónoma na que menos crece a poboación nos últimos anos— non debe catalogarse máis que como conxuntural e moi ligada ó peso crecente —pero aínda notablemente inferior ó do conxunto de España e ó de determinadas rexións— da chegada de inmigrantes. Ademais de botar por terra as proxeccións catastrofistas de non hai moitos anos, é un feito innegable que a tendencia á perda de poboación coñece un cambio de ritmo contra o cambio de século e iso é un proceso paralelo ó aumento da poboación estranxeira que comeza a ter capacidade para influír nos mecanismos demográficos: de feito, como demostrou González Pérez, o aumento da poboación total nos últimos anos, a evolución dos efectivos de nacionalidade española e a evolución da cifra de estranxeiros en Galicia, seguen camiños notablemente diverxentes. E iso nunha rexión cun modelo migratorio complexo onde conviven a entrada de fluxos inmigratorios desde o estranxeiro, aínda non moi intensos, a emigración de retorno desde outros países de Europa e de América (tamén dos “fillos da diáspora”) e unha importante emigración de poboación activa, nova, cara a outras rexións españolas (González Pérez, J., 2008). Non obstante, estes procesos só afectan de forma clara e decisiva a determinados ámbitos rexionais, fundamentalmente nas provincias de Pontevedra e Ourense, e só en determinados focos de atracción. Pero para o caso dos efectivos totais, está bastante claro que os inmigrantes contribuíron a paralizar os efectos máis nidios dun crecemento natural que en Galicia continúa sendo negativo. O desfase entre crecemento natural e crecemento real, que foi unha constante en Galicia, segue sendo unha realidade, pero agora nun sentido especialmente distinto ó tradicional.




Figura 1.

Evolución da poboación en Galicia e na provincia de Pontevedra. Base 100=1900. Fonte: INE. Elaboración persoal.

Estas tendencias xerais ocultan, como é ben sabido, brutais contrastes internos que afloran en calquera escala que empregemos. Na escala provincial, ninguén descoñece o comportamento diferencial que amosa unha dicotomía notoria entre as provincias orientais e as occidentais, que leva a que a provincia de Pontevedra teña hoxe máis do dobre de efectivos que a principios do século XX e A Coruña supere en máis de medio millón de habitantes a aquel momento; en tanto Lugo ten 100.000 habitantes menos que en 1900 (alcanzando o seu cénit en 1940) e Ourense case 70.000 menos (marcando o valor máis elevado en 1950).

Incrementado aínda máis a escala de observación sobresaen tamén a simple vista o contraste entre o litoral e o interior, que se sobreponen a esa oposición Galicia Occidental-Galicia Oriental, aínda que haxa que dicir que non todo o litoral ofrece o mesmo dinamismo nin todo o interior mantén uns comportamentos semellantes, nin obedece ás mesmas pautas (Hernández Borge, J., 2002).

Tomando como referencia neste traballo a provincia de Pontevedra, unha provincia moi dinámica e moi poboada (a última cifra oficial de 2008 fala de 953.400 habitantes, case 6.000 máis que en 2007 e ten unha densidade de 212,1 hab/Km<sup>2</sup>) — por causas sobradamente coñecidas como a posesión dun articulado e rico litoral e a existencia de

focos económicos dinámicos que atraeron investimentos e que propiciaron un importante proceso de urbanización que se prolonga por todo o eixo Atlántico—, observaremos deseguido que tal escala de análise, a provincial, oculta contrastes de ocupación e de dinamismo moi grandes, que reproducen, nesta escala, a oposición litoral-interior que se verifica no conxunto de Galicia.

### 3. OS CONTRASTES INTERNOS NA OCUPACIÓN ESPACIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

En efecto, atendendo a un indicador sinxelo do grao de ocupación espacial como é a densidade de poboación, observamos que a media provincial é un dato enganoso como corresponde a un territorio tan diverso desde o punto de vista xeográfico como o pontevedrés. A simple observación dun mapa de densidades a escala municipal é boa proba de concentración da poboación no litoral e nos seus contornos inmediatos. Esta concentración litoral da poboación, tanto no conxunto de Galicia como no caso da provincia de Pontevedra, é un feito de longa tradición porque xa existía no Antigo Réxime se atendemos ós datos do xa citado Catastro do Marqués de la Ensenada (Saavedra, P.,

1991, citado por Hernández Borge, J., 2002). Sen remontarnos ó século XVIII podemos observar como a comezos do século XX, e aínda que as cifras de densidades non revelaban unha dicotomía tan acusada entrámbolos dous conxuntos como hoxe, era xa ben perceptible a oposición litoral-interior, perfilándose en 1950 e clarificándose definitivamente cara á actualidade: o litoral e os seus ámbitos próximos de directa influencia, está cada vez máis intensamente poboado e o interior, especialmente desde mediados do século XX, estao cada vez menos. Coa excepción de Oia, un concello cunhas especiais características xeográficas, todos os municipios con fachada litoral ou localizados na súas proximidades, así como aqueles claramente insertos na área de influencia metropolitana viguesa, superan sempre folgadoamente os 100 hab/Km<sup>2</sup> na actualidade. No caso dos máis altos valores, os que están por encima dos 500 hab/Km<sup>2</sup>, e deixando a un lado o caso obvio de Vigo, cuxo termo municipal vai ós 2.726,1 hab/Km<sup>2</sup>, destacan as cifras de Vilagarcía de Arousa (844 hab/Km<sup>2</sup>,

Pontevedra (678,1 hab/Km<sup>2</sup>), Marín (710,3 hab/Km<sup>2</sup>), Cangas (667,9 hab/Km<sup>2</sup>) ou Cambados (581,3 hab/Km<sup>2</sup>), por acoller ademais importantes núcleos urbanos. No seu conxunto, as tres Rías Baixas meridionais alcanzan unha densidade media de máis de 550 hab/Km<sup>2</sup>.

Fronte a iso, o interior provincial, e pese a un lixeiro incremento da intensidade a mediados do século XX que é reflexo da evolución xeral da poboación, presenta valores especialmente baixos de ocupación, xeralmente por baixo de 100 hab/Km<sup>2</sup> e habitualmente inferiores a 50 hab/Km<sup>2</sup>. Independentemente dunha variable que tamén pode influír como é o caso da maior dimensión dos termos municipais no interior, en comarcas como O Deza, A Estrada e Terra de Montes, ou os ámbitos máis orientais da de Pontevedra, destacan valores por debaixo de 30 hab/Km<sup>2</sup> en Agolada (21,8 hab/Km<sup>2</sup>), O Covelo (28,1 hab/Km<sup>2</sup>), Dozón (25,9 hab/Km<sup>2</sup>), Forcarei (26,2 hab/Km<sup>2</sup>), Fornelos de Montes (24,5 hab/Km<sup>2</sup>) ou A Lama (26,8 hab/Km<sup>2</sup>), indicadores de escasa




Figura 2.

Mapa de densidades municipais en 1900. 1, menos de 20; 2, de 20 a 50; 3, de 50 a 100; 4, de 100 a 150; 5, de 150 a 200; 6, de 200 a 500; e 7, máis de 500 hab/Km<sup>2</sup>.

Fonte: INE. Elaboración persoal.




Figura 3.

Mapa de densidades municipais en 1950. 1, menos de 20; 2, de 20 a 50; 3, de 50 a 100; 4, de 100 a 150; 5, de 150 a 200; 6, de 200 a 500; e 7, máis de 500 hab/Km<sup>2</sup>.

Fonte: INE. Elaboración persoal




Figura 4.

Mapa de densidades municipais en 2007. 1, menos de 20; 2, de 20 a 50; 3, de 50 a 100; 4, de 100 a 150; 5, de 150 a 200; 6, de 200 a 500; e 7, máis de 500 hab/Km<sup>2</sup>.

Fonte: INE. Elaboración persoal

presión demográfica, hoxe e no pasado. Os seis concellos da comarca do Deza, por exemplo, alcanzan unha densidade media de 38,1 hab/Km<sup>2</sup>.

Pero esta análise da ocupación espacial a escala municipal, que é válida e ilustrativa, e que nos debuxa un proceso e unha realidade que son comúns a tódalas áreas litorais do globo (ocorre a escala de Galicia, da Península Ibérica, de boa parte de Europa e doutros continentes), as máis poboadas e urbanizadas, é só a metade da historia. Xa o intuimos se pensamos no desigual significado das dimensións municipais nos ámbitos costeiros e interiores da provincia, que poden introducir distorsións. É precisamente aquí onde emerxe a virtualidade dos territorios parroquiais, cuxos tamaños son tamén innegablemente diversos, pero presentan una homoxeneidade xeográfica da que carecen a maioría dos concellos e a práctica totalidade dos conxuntos comarcais máis ou menos identificados.

A análise das densidades a escala parroquial ofrécenos un panorama moito máis clarificador. Observando os mapas correspondentes ós tres momentos temporais seleccionados (1900, 1950 e

2007), pódese observar moito máis claramente esa dicotomía litoral-interior, e como se vai acentuando de maneira evidente ata a actualidade. Aquí si que se pode observar nitidamente como as áreas propiamente litorais son as máis poboadas e están cada vez máis poboadas, e as interiores as menos e cada vez máis despoboadas. Obsérvense os casos anteriormente citados dos ámbitos costeiros e da comarca do Deza, e neste caso de Terra de Montes, parte oriental e montañosa da de Pontevedra e norte da Paradanta. Máis de 50 parroquias do interior, sobre todo das máis orientais, rurais e montañosas, non chegan ós 20 hab/Km<sup>2</sup>, e 12 nin sequer a 10 hab/Km<sup>2</sup>, destacando o caso de San Xosé da Laxe, en Fornelos de Montes (3,8 hab/Km<sup>2</sup>), San Martiño do Cello, en Lalín (5,1 hab/Km<sup>2</sup>) ou Santiago de Morillas, en Campo Lameiro (5,2 hab/Km<sup>2</sup>). E sobre todo pódese observar a simple vista nos mapas como amiudan os contrastes intramunicipais que definen os territorios máis e menos poboados en cada ámbito por circunstancias xeográficas particulares nas que aquí non imos profundar, pero que resaltan enseguida.




Figura 5.

Mapa de densidades parroquiais en 1900. 1, menos de 20; 2, de 20 a 50; 3, de 50 a 100; 4, de 100 a 150; 5, de 150 a 200; 6, de 200 a 500; e 7, máis de 500 hab/Km<sup>2</sup>.

Fonte: INE. Elaboración persoal.




Figura 6

Mapa de densidades parroquiais en 1950. 1, menos de 20; 2, de 20 a 50; 3, de 50 a 100; 4, de 100 a 150; 5, de 150 a 200; 6, de 200 a 500; e 7, máis de 500 hab/Km<sup>2</sup>.

Fonte: INE. Elaboración persoal.




Figura 7.

Mapa de densidades parroquiais en 2007. 1, menos de 20; 2, de 20 a 50; 3, de 50 a 100; 4, de 100 a 150; 5, de 150 a 200; 6, de 200 a 500; e 7, máis de 500 hab/Km<sup>2</sup>.

Fonte: INE. Elaboración persoal.

Si que podemos facer notar o feito de que os espazos parroquiais máis intensamente poboados sempre foron litorais ou próximos ó litoral e que os casos de freguesías de interior que superan os 200 e incluso os 500 hab/Km<sup>2</sup>, coinciden en todos os casos coas que acollen capitais comarcais destacadas ou vilas de certo peso no seu contorno: Ponteareas, Mondariz, Salceda de Caselas, A Estrada, Lalín, etc., que aparecen, sobre todo nos últimos casos citados, como auténticas illas nun ámbito desertizado. Non obstante, tamén no litoral, aqueles que superan folgadoamente os 500 hab/Km<sup>2</sup> e incluso os 1.000 hab/Km<sup>2</sup>, coinciden na súa gran maioría coas que acollen a vila capital municipal ou seus ámbitos máis próximos. Incluso concellos intensamente poboados permiten matizar nos seus territorios bastantes diferenzas entre parroquias litorais e interiores, cando a extensión é o suficientemente grande. Por concretar aínda máis a situación, e para poñer as cousas na súa xusta medida, os 24 concellos pontevedreses que teñen fronte litoral suman unha extensión

de 989,51 Km<sup>2</sup> (un 22% da total provincial) e acollen 672.256 habitantes en 2007 (un 70,9% do total de Pontevedra) e supoñen unha densidade media de 679,4 hab/Km<sup>2</sup>. As freguesías con fronte litoral, que matizan aínda máis a situación, teñen unha extensión de 531,77 Km<sup>2</sup>, o que supón un 11,8% da total provincial, e acollen a 544.957 habitantes en 2007, un 57,5% do total provincial; se excluimos ás parroquias que acollen os núcleos urbanos de Vigo, Pontevedra, Vilagarcía e Marín (obviamente, e como unha mera convención, nestes casos equiparamos o núcleo urbano a un territorio parroquial, a pesar de que neles hai varias freguesías eclesiásticas e que nin moito menos poden ser comparables nas súas características ás parroquias rurais), a cifra descende a 235.336 habitantes (case un 25% do total provincial). É dicir, que sobre pouco máis da décima parte do territorio provincial vive máis da metade ou máis da cuarta parte (segundo descartemos ou non os núcleos urbanos) dos efectivos demográficos da provincia de

Pontevedra, cunha densidade media de 1.024,8 hab/Km<sup>2</sup> (ou de 456,8 hab/Km<sup>2</sup> sen as catro cidades anteditas). É mais, sobre pouco máis dun 1,8% da extensión rexional vive case a quinta parte (19,6%) dos efectivos demográficos actuais en Galicia. Son cifras o suficientemente significativas como para non insistir máis neste aspecto que pode quedar completado, no seu caso, co estudo máis detallado dos mapas respectivos, que presentamos e que non fan máis que patentizar a importancia da escala parroquial para a análise xeográfica do territorio.

#### 4. A DINÁMICA DA POBOACIÓN NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA: A ESCALA MUNICIPAL E A PARROQUIAL

Se os contrastes na intensidade de ocupación espacial son evidentes e cada vez máis marcados, tamén o son no que se refire ó dinamismo demográfico, entendendo por tal o comportamento, crecente ou decrecente, dos efectivos de poboación, neste caso nos anos máis recentes. Deixando a un lado os datos do crecemento natural, igualmente diferenciados pero en conxunto bastante negativos nos últimos anos e que fan aflorar novamente proxeccións catastrofistas para o futuro no conxunto de Galicia, é evidente que o crecemento real, froito de circunstancias que comentabamos anteriormente —crecente peso da inmigración e os seus efectos directos e indirectos, pero tamén do papel atractivo intrarrexional das áreas máis dinámicas e o de expulsión das máis regresivas— convértese nun elemento bastante ilustrativo das diferenzas na ocupación espacial.

Para o caso da provincia de Pontevedra, que estamos a analizar, podemos centrarnos no que acontece ó longo do decenio no que nos atopamos e que non fai máis que confirmar os procesos de décadas anteriores (Pazo Labrador, A.J., 2004), e que magnifican a brecha demográfica entre o litoral e o interior pontevedrés.

O mapa que ofrece, a escala municipal, o panorama do crecemento demográfico entre 2000 e 2007 é tamén revelador e amosa unha correspondencia nos seus trazos xerais co reparto das densidades de poboación. Dos 62 concellos pontevedreses, só 35 coñecen un incremento positivo da súa poboación. Deles, 34 teñen fronte litoral ou están o suficientemente próximos a el para beneficiarse desas circunstancias (Meis, Meaño, Caldas de Reis, Pontecesures) ou teñen unha estreita relación coa rexión urbana viguesa, unha

auténtica área metropolitana “de facto” (á que se intenta dar cobertura “legal”) de gran dinamismo, un dos motores da economía rexional, como son Mos, Porriño, Salceda de Caselas ou Pazos de Borbén, ou terras do Baixo Miño (Tomiño, Tui) e Condado (Pontearreas, Mondariz-Balneario e Salvaterra do Miño). Trátase da materialización espacial de procesos de desconcentración urbana que se superpoñen á existencia secular de asentamentos moi numerosos e dispersos, que configuran en amplas extensións unha peculiar mestura de usos do chan industriais, urbanos e rurais, unha auténtica cidade difusa sen confíns en toda a extensión do seu significado (Otero Enríquez, R. E Gómez Rodríguez, S., 2007). No interior, só Lalín aparece como un concello dinámico, ó acoller unha importante cabeceira comarcal, ben comunicada, con prósperas actividades industriais e agroindustriais, e unha aceptable dotación de servizos, que o converten nun claro centro rector do nordeste provincial.




Figura 8.  
Dinámica da poboación a escala municipal na provincia de Pontevedra. 1, decrecemento; 2, de 0 a 4,9%; 3, de 5 a 9,9%; 4, de 10 a 19,9%; e 5, 20% e máis.  
Fonte: INE. Elaboración persoal.



Dos municipios do litoral a excepción son Catoira, Illa de Arousa e Bueu, aínda que as súas perdas neste período apenas chegan ó 1%, co que cabe falar máis de estancamento ou atonía que de regresión. Pero superan o 10% de incremento concellos como Ribadumia (10,3%), Poio (10,1%, beneficiándose da súa condición de área de expansión residencial da cidade de Pontevedra cara ó noroeste), Soutomaior (17,4%), Nigrán (11,1%), Baiona (10,2%), Gondomar (16,6%), Tomiño (16,05%) ou os casos máis marcados de Pontearreas (22,3% e cun gran desenvolvemento do parque construtivo) e Salceda de Caselas (25,1%, cun importante pulo industrial e a base da próspera explotación do granito).

Por contra, no resto do territorio provincial encontrámonos, no mesmo período, con descensos acusados de poboación, superando o 10% moi acusadamente en Agolada (-26,7%) e Rodeiro (-25,1%), e tamén en O Covelo (-13,1%), Dozón (-11,5%) e Fornelos de Montes (-10,3%). De todas maneiras, e como ocorre no resto de Galicia coas áreas de interior máis regresivas, o esgotamento demográfico ten un límite de modo que a intensidade das perdas parece atenuarse algo nos últimos anos, probablemente porque agora sexan xa debidas ó mero compoñente vexetativo antes que á fuxida, máis ou menos masiva de efectivos.

A análise podémola completar vendo cales son os concellos que posúen en 2007 máis poboación que en 1900 e observaremos a práctica correspondencia co panorama reflectido na representación anterior e a dicotomía entre o litoral (e a súa inmediata área de influencia no pospaís litoral) e o interior, nidiamente debuxada.

Novamente a escala parroquial vainos permitir matiza-la situación, porque neste caso as cousas non están tan claras. Pódese observar, no mapa que representa a evolución da poboación nas parroquias entre 2000 e 2007 como, aínda que se aprecia tamén a dicotomía litoral-interior, non todas as fegresías litoriais presentan o mesmo comportamento, e a concentración do dinamismo gravita claramente cara ó sudoeste, na rexión urbana viguesa e a súa prolongación ó Val Miñor, Baixo Miño e Condado, e a marxe meridional da Ría de Pontevedra e a cara sur do Morrazo, así como algúns sectores do Salnés. Pero, igualmente, permítenos observar de novo como o comportamento demográfico dos distintos municipios non pode extrapolarse en toda a súa extensión xa que en poucos casos son todas

as parroquias as que presentan crecemento nese lapso (concretamente en Baiona, Gondomar, A Guarda, Nigrán, Poio, Soutomaior, Mondariz-Balneario e Pontecesures, nestes dous últimos casos, por razóns obvias). Polas mesmas razóns, tampouco son moi numerosos os concellos que ven perder poboación en todas as súas freguesías: Agolada, Arbo, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Portas, Rodeiro e Valga, en distintos contextos xeográficos e circunstancias explicativas diversas. E en moitos casos son unha




Figura 9.

En sombreado, concellos que posúen máis poboación en 2007 que en 1900.

Fonte: INE. Elaboración persoal.

ou dúas parroquias (normalmente a que acolle á capital municipal e algunhas adxacentes) as que sosteñen os crecementos municipais, especialmente no interior. De feito, son nada máis que ó redor de 50 os espazos parroquiais que amosan un crecemento superior ó 10% e tan só 26 os que o teñen por riba do 20%.




Figura 10.

Dinámica da poboación a escala parroquial na provincia de Pontevedra. 1, decrecemento; 2, de 0 a 4,9%; 3, de 5 a 9,9%; 4, de 10 a 19,9%; e 5, 20% e máis.

Fonte: INE. Elaboración persoal.




Figura 11.

En sombreado, parroquias que posúen máis poboación en 2007 que en 1900.

Fonte: INE. Elaboración persoal

Observando o mapa parroquial coas entidades que posúen máis poboación en 2007 que en 1900, neste caso a dicotomía litoral-interior no dinamismo demográfico é moito máis clara, así como a configuración de illotes de crecemento do nordeste provincial. Neste caso vense ademais definidos bastante claramente os espazos xeográficos máis desfavorecidos que por diversas circunstancias xeográficas naturais estiveron sempre menos poboados. Tamén aquí, por tanto, a escala parroquial é ilustrativa da consolidación dun proceso de configuración de pautas de poboamento a medio e longo prazo no territorio provincial.

## CONCLUSIÓN

A rica trama parroquial en que se articula o espazo galego desde tempo inmemorial, configura uns conxuntos homoxéneos desde o punto de

vista xeográfico que os converte en elementos moi útiles para a análise territorial. A utilización da escala parroquial no estudo de diversas variables relacionadas coa ocupación poboacional da provincia de Pontevedra, permitiunos enriquecer a información para levar a cabo as interpretacións necesarias das pautas e procesos de reorganización da poboación que afecta a toda a rexión galega e a esta provincia en particular, deseñándose un litoral cada vez máis intensamente ocupado e un interior en crise e declive demográficos, que abocan á súa desertización. A facilidade de obtención dos datos de efectivos demográficos a escala parroquial debería facer que se potenciasen os estudos máis detallados utilizando este marco privilexiado, ben definido e aínda “sentido”: non só como “agrupación social característica” (Fariña Jamardo, X., 1976) senón como un elemento territorial e de identificación territorial, ben definido e coherente.

## 5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CORES TRASMONTE, B. (1973): *Sociología rural de Galicia*. A Coruña: Librigal.
- FARIÑA JAMARDO, X. (1975): *La parroquia rural en Galicia*. Madrid: IEAL.
- (1976): *A personalidade da parroquia galega*. Vigo: Sept.
- (1981): *El hábitat gallego*. A Coruña: Excma. Deputación Provincial.
- (1994): *Os concellos galegos. Parte especial*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 10 tomos.
- GOERLICH GISBERT, F.J. (2007): “¿Cuántos somos? Una excursión por las estadísticas demográficas del Instituto Nacional de Estadística (INE)”, en *Boletín de la AGE*, n.º 45, pp. 123-156.
- GONZÁLEZ PÉREZ, J. (2008): “La aparición reciente del fenómeno inmigratorio extranjero en Galicia. Características e impronta espacial”, en *Boletín de la AGE*, n.º 48, PP. 247-275.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (2002): “Evolución reciente de la población zosterá gallega”, en *Homenaje a José García Oro*, Santiago: Servicio de Publicacións da Universidade.
- LISÓN TOLOSANA, C. (1974): *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Siglo XXI.
- OTERO ENRÍQUEZ, R. e GÓMEZ RODRÍGUEZ, S. (2007): “La desconcentración urbana en el sistema territorial de Galicia: un enfoque conceptual y empírico”, en *Boletín de la AGE*, n.º 44, pp. 259-277.
- PAZO LABRADOR, A. J. (1989): “Notas para el estudio de los asentamientos rurales en Galicia”, en *Actas do Simposio Internacional sobre Otero Pedrayo e a Xeografía de Galicia*, Santiago, Consello da Cultura Galega, pp.149-180.
- (1995): *La trama de los asentamientos rurales en las Rías Bajas gallegas*. Pontevedra: Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.
- (2000): “El hábitat rural tradicional gallego. Un recurso de las nuevas modalidades turísticas”, en HERNÁNDEZ BORGE, J., DÍAZ FERNÁNDEZ, J.A. y PATIÑO ROMARÍS, C. (coords.): *O turismo en Galicia. Potencialidades endógenas de desenvolvemento urbano e económico*, Pontevedra: Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, pp. 197-237.
- (2004): “La evolución reciente de la población gallega a escala parroquial. Ensayo de representación cartográfica”, en *Minius. Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, n.º XII, pp. 241-260.
- (2005): “La parroquia rural en Galicia. De espacio vivido a contenedor de habitantes”, en *Homenaxe á Profesora Lola F. Ferro. Estudos de Historia, Arte e Xeografía*, Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, pp. 377-400.
- PAZO LABRADOR, A. J. e SANTOS SOLLA, X. M. (1994): “O declive demográfico da parroquia rural galega. O caso da provincia da Coruña”, en *Adaxe*, n.º 10, pp. 111-120.
- (1995): *Poboación e territorio. As parroquias galegas nos últimos cen anos*. Santiago: Difux-Xunta de Galicia.
- PRECEDO LEDO, A. (dir.) (1999): *Informe demográfico de Galicia*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- PRECEDO LEDO, A. e GALLEGO PRIETO, M. (dir.) (2001): *Mapa de parroquias de Galicia. 1:200.000*. Barcelona: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
- RODRÍGUEZ CAMPOS, J. (1994): “¿Qué es la parroquia rural en Galicia, una institución o una imagen?”, en *Antropología sin fronteras: ensayos en honor a Carmelo Lisón*, Madrid: CIS, pp. 445-454.
- TORRES LUNA, M. P. de y PAZO LABRADOR, A. J. (1994): *Parroquias y Arciprestazgos de Galicia*. Santiago: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago.